

INSPIRACIENCIA

VI Concurso de relatos de inspiración científica

BASES

Obxecto

Inspiraciencia é un concurso de relatos de inspiración científica. É unha iniciativa que relaciona ciencia e escritura dunha maneira lúdica e participativa. Pretende ser un espazo aberto a todo o mundo onde pensar e imaxinar a ciencia, desde a ficción. O seu obxectivo é fomentar o labor creativo e o espírito científico como unha forma de pensar realidades antes non imaxinadas.

1. Poderá participar calquera persoa que presente un relato orixinal, en calquera das linguas do concurso (catalán, castelán, eúscolo e galego), que estea inspirado nunha temática científica.
2. Os orixinais estarán escritos en catalán, español, eúscolo ou galego. Deberán ser inéditos e non ser premiados en ningunha outra convocatoria, certame ou premio literario, nin ser publicados en ningún outro medio ou blog persoal.

Modalidades e categorías

3. O concurso ten unha única modalidade competitiva:

Relato curto dunha extensión máxima de 800 palabras

4. Os participantes poderán participar nunha das seguintes categorías:

Adulto (a partir de 18 anos), enténdese que os participantes son maiores de idade na data de peche do prazo.

Mozo (de 12 a 17 anos), é dicir, os participantes son menores de 18 anos na data de peche do prazo.

5. Cada participante poderá presentar un máximo de catro relatos, sempre que estean escritos en linguas distintas. Todos relatos dun mesmo participante deben ser orixinais, é dicir, non se poderá presentar o mesmo relato en linguas distintas.

Presentación dos relatos

6. Os participantes deben rexistrarse nunha das dúas categorías e poden enviar un relato en calquera das linguas do concurso.
7. Os orixinais deberán publicarse no sitio web do concurso: www.inspiraciencia.es. Previamente haberá que rexistrarse a través dun formulario dispoñible no mesmo sitio web.
8. Os participantes poderán acceder á súa conta co nome de usuario e unha contrasinal. O pseudónimo será o nome co que se asinarán os relatos que se queiran publicar.

INSPIRACIENCIA

9. O prazo de presentación de relatos pecharase o 19 de maio de 2016.

Premios

10. Os premios outorgaranse en de xuño de 2016, nun acto que se anunciará oportunamente.

11. O concurso prevé un premio institucional para cada categoría e lingua, e un premio do público. Os premios serán dispositivos electrónicos, libros de divulgación, cursos de escritura, a subscrición a unha revista de divulgación.

12. A organización do concurso resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria se considera que os orixinais presentados non alcanzan a calidade mínima necesaria.

Xurado e criterios de valoración

13. Para o premio institucional designarase un xurado que valorará as contribucións e proporá os gañadores. O xurado estará formado por figuras recoñecidas dentro do mundo da cultura en sentido amplo (ciencia, literatura, arte, divulgación) e anunciarase oportunamente.

O concurso dispón dun equipo de moderación para que os relatos poidan saír publicados de xeito áxil. Este equipo encárgase tamén de facer a preselección dos relatos que pasará ao xurado.

14. Para valorar os relatos terase en conta a adecuación á temática, a calidade literaria, a orixinalidade do enfoque, ademais da creatividade e a imaxinación.

15. O premio do público decidirase a través dunha votación en liña dos participantes previamente rexistrados. Durante o período de votación, que se anunciará oportunamente, cada participante poderá dar un único voto por relato, sen restrición do número de relatos votados.¹

O premio do público premiará os relatos máis votados das dúas categorías, con independencia da lingua na que se escribiron.

Participación

16. A participación neste concurso presupón a aceptación das bases.

17. Os relatos gañadores poderán ser publicados en medios físicos e/ou dixitais sempre mencionando os nomes dos autores.

Barcelona, 15 de marzo de 2016

¹Medida introducida por proposta dos participantes para que o premio do público garanta unha calidade mínima dos relatos gañadores que se elixan por decisión popular.